CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

EXPEDIENTE: 2025/E001/000006
ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA TÉCNICOS/AS DE ORIENTACIÓN LABORAL/PROSPECCIÓN DE EMPREGO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO
TRÁMITE: ACTA

Sendo ás 14:00 horas do día 30/12/2025, reúnese o Tribunal Cualificador encargado do proceso para a selección mediante concurso-oposición de persoal para formación de bolsa de emprego para técnicos/as de orientación laboral/prospección de emprego do Programa integrado de emprego do Concello de Dodro segundo as bases aprobadas por Resolución de Alcaldía número 598/2025 do 10/11/2025.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 14/11/2025 (BOP núm. 219) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Están presentes as seguintes membros do tribunal:

Presidente:
María Lourdes Diéguez Rarís, técnica de orientación laboral do Concello de Dodro.

Vogais:
Rosario Ríos Rey, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Rois.
María José Rodríguez Expósito, técnica de xestión económica do Concello de Dodro.

Secretaria:
Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro

Excusa a súa ausencia Margarita Amate Angueira, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Padrón.

Dáse conta de que en sesión realizada o 16/12/2025, o Tribunal acordou:

"PRIMEIRO.- Que se publique a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello (www.sede.dodro.gal), concedéndose un prazo de tres (3) días hábiles para presentación de alegacións e ou reclamacións, contados a partir do día seguinte á súa publicación, así como publicar a relación das respostas correctas do primeiro exercizo da fase de oposición.

SEGUNDO.- Transcorrido o prazo, reunirse para a resolución de alegacións ou, no caso de non existir, considerar definitivas as puntuacións outorgadas.

TERCEIRO.- Propoñer á Alcaldía a formación de bolsa de emprego para técnicos/as de orientación laboral/prospección de emprego do Programa integrado de emprego do Concello de Dodro, integrada polas seguintes persoas, e pola seguinte orde:

Núm. de orde	*Apelidos e nome*
1	*Pérez Rego, María Purificación*
2	*Campaña Abuín, Víctor Manuel*

CVD: AQqh6bCVhjD8kEvNesN0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3	*Arosa Penín, Estefanía*
4	*Becerra Camiña, Ana Isabel*
5	*Ces Comojo, Noela*
6	*Rodríguez Blanco, Olalla*
7	*Marque Seoane, Saleta*
8	*Queiruga Figueiro, Isabel*
9	*Fernández Rozados, Verónica*
10	*Quintas Vila, Marta*
11	*Filgueira Pazos, María de las Mercedes*
12	*Ruso Somoza, Patricia*
13	*Campaña Batalla, María Celeste*
14	*Varela Ares, Noa”*

Con data 18/12/2025 procedeuse á publicación da acta na sede electrónica do Concello de Dodro.

Durante o período outorgado foron presentados os seguintes escritos de alegacións:

Interesado/a	Data de presentación	Núm. Rexistro entrada
ISABEL QUEIRUGA FIGUEIRO	20/12/2025	202599900001118
VÍCTOR MANUEL CAMPAÑA ABUÍN	22/11/2025	202599900001124
MARÍA PURIFICACIÓN PÉREZ REGO	23/12/2025	202599900001128

Procédese ao estudo das citadas alegacións comezando pola presentada en primeiro lugar.

1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR ISABEL QUEIRUGA FIGUEIRO

Expón o escrito de alegacións que procede aplicar o criterio de desempate recollido en primeiro lugar na base sétima das que regulan o proceso e que fai referencia á puntuación da fase de oposición en lugar do recollido en segundo lugar, de xeito que o posto correspondente á alegante sería o 7º en lugar do 8º.

Revisada a orde de prelación proposta polo tribunal así como os criterios de desempate establecidos na base sétima das que regulan o proceso, resulta que se debe aplicar o primeiro criterio de desempate (puntuación obtida nos exercicios da fase de oposición) en lugar do segundo criterio que foi erroneamente aplicado polo Tribunal.

CVD: AQqh6bCVhjD8kEvNesN0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

En consecuencia, procede estimar a alegación modificando proposta á Alcaldía de formación de bolsa de emprego para técnicos/as de orientación laboral/prospección de emprego do Programa integrado de emprego do Concello de Dodro, quedando a candidata alegante Isabel Queiruga Figueiro no posto inmediatamente anterior á candidata Saleta Marque Seoane.

2.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR VÍCTOR MANUEL CAMPAÑA ABUÍN.

Expón o escrito de alegacións que debe ser puntuada a experiencia no Concello de Chantada e aporta certificado de servizos prestados no citado concello que especifica as funcións desenvolvidas.

No prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso de selección, foi aportado certificado de servizos prestados no Concello de Chantada se ben non incorporaba as funcións correspondentes.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo permite a emenda de defectos formais na acreditación de méritos cando os aspectos substantivos se teñen acreditado en tempo.

En consecuencia, procede estimar a alegación e modificar a valoración efectuada en sesión realizada o 16/12/2025, outorgando 1,8 puntos por servizos prestados no Concello de Chantada, de xeito que a puntuación por *"servizos prestados como orientador/prospector en PIE en calquera Administración Pública"* suma un total de 8,1.

3.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR MARÍA PURIFICACIÓN PÉREZ REGO.

Expón o escrito de alegacións que debe ser valorada a experiencia en outras Administracións Públicas con maior puntuación que a outorgada así como que debe puntuarse como mestrado ou doutorado a titulación de especialista universitario en orientación laboral, aportando certificados da Deputación de Pontevedra e da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, vida laboral e titulación universitaria referida.

Respecto da titulación universitaria cuxa valoración se pretende, a base sexta 2.B.b) das que regulan o proceso recolle o seguinte:
"b) Méritos por formación académica (máx. 10 puntos)
1) Estar en posesión dun mestrado ou doutorado en orientador/a laboral e/ou prospector de emprego : 3 puntos
2) Por cada título de mestrado ou de doutorado distinto dos computados no punto anterior: En ciencias sociais e xurídicas: 2 puntos; noutras disciplinas ou ramas: 1 punto (máx. 4 puntos)
3) Por calquera outro título universitario oficial de diplomatura, grao licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou equivalente, que sexa distinta da alegada para o acceso ás probas selectivas e non computada nos puntos anteriores: en ciencias sociais e xurídicas: 1,5 punto por cada unha; noutras disciplinas ou ramas: 0,5 puntos por cada unha (máx. 3 puntos)".

CVD: AQqh6bCVhjD8kEvNesN0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

A Disposición adicional undécima do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, denominada títulos no oficiales recolle o seguinte: *"Las universidades en uso de su autonomía, podrán impartir otras enseñanzas conducentes a la obtención de otros títulos distintos a los expresados en el artículo 3.1. La expedición de estos títulos se realizará del modo que determine la universidad, sin que ni su denominación ni el formato en que se confeccionen los correspondientes títulos puedan inducir a confusión con los títulos oficiales que se establecen en los artículos 9, 10 y 11 del presente real decreto."*

O citado artigo 3.1 establece que *"Las universidades impartirán enseñanzas de Grado, Máster y Doctorado conducentes a la obtención de los correspondientes títulos oficiales"*

En consecuencia, procede desestimar a alegación no referido á valoración do título de especialista universitario en orientación laboral, por non tratarse dun título de mestrado ou doutorado ao abeiro do recollido no Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

En canto á experiencia na Deputación de Pontevedra, as bases indican: "*3) Por servizos prestados como orientador/a laboral e/ou prospector de emprego en calquera Administración Pública (fora de Programas Integrados de Emprego): 0,15 puntos por por cada mes de servizos.*
Acreditarase presentando certificado de servizos prestados da administración correspondente na que consten as funcións desenvolvidas como orientador/a laboral e/ou prospector de emprego máis vida laboral completa."

Apórtase certificado da Deputación de Pontevedra no que consta a categoría profesional de "coordinadora xeral" así como as funcións desenvolvidas que non se corresponden coas propias de orientador/a laboral e/ou prospector/a de emprego.

En consecuencia, procede desestimar a alegación no referido aos servizos prestados na Deputación de Pontevedra.

Visto todo o anterior, o tribunal por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Estimar a alegación presentada por ISABEL QUEIRUGA FIGUEIRO en data 20/12/2025 con núm. R.E. 202599900001118 quedando a candidata alegante Isabel Queiruga Figueiro no posto inmediatamente anterior á candidata Saleta Marque Seoane.

SEGUNDO.- Estimar a alegación presentada por VÍCTOR MANUEL CAMPAÑA ABUÍN en data 22/12/2025 con núm. R.E. 202599900001124 outorgándolle unha puntuación por "servizos prestados como orientador/prospector en PIE en calquera Administración Pública" de 8,1 puntos.

TERCEIRO.- Desestimar a alegación presentada por MARÍA PURIFICACIÓN PÉREZ REGO en data 23/12/2025 con núm. R.E. 202599900001128 e en consecuencia manter a puntuación outorgada na sesión do 16/12/2025.

CVD: AQqh6bCVhjD8kEvNesN0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

CUARTO.- Outorgar as seguintes puntuacións definitivas obtidas polos/as candidatos/as:

Apelidos e nome	DNI	Puntuación fase oposición	Puntuación fase concurso	Puntuación total
Arosa Penín, Estefanía	***802***	58	4.00	62.00
Becerra Camiña, Ana Isabel	***178***	52	9.90	61.90
Campaña Abuín, Víctor Manuel	***574***	56	10.10	66.10
Campaña Batalla, María Celeste	***962***	50	2.00	52.00
Ces Comojo, Noela	***032***	56	4.10	60.10
Fernández Rozados, Verónica	***455***	52	5.50	57.50
Filgueira Pazos, María de las Mercedes	***265***	52	0.00	52.00
Marque Seoane, Saleta	***563***	56	2.00	58.00
Pérez Rego, María Purificación	***583***	54	16.20	70.20
Queiruga Figueiro, Isabel	***998***	58	0.00	58.00
Quintas Vila, Marta	***606***	52	4.00	56.00
Rodríguez Blanco, Olalla	***738***	58	2.00	60.00
Ruso Somoza, Patricia	***690***	52	0.00	52.00
Varela Ares, Noa	***096***	44	0.00	44.00

CUARTO.- Propoñer á Alcaldía a formación de bolsa de emprego para técnicos/as de orientación laboral/prospección de emprego do Programa integrado de emprego do Concello de Dodro, integrada polas seguintes persoas, e pola seguinte orde:

Núm. de orde	Apelidos e nome
1	Pérez Rego, María Purificación
2	Campaña Abuín, Víctor Manuel
3	Arosa Penín, Estefanía
4	Becerra Camiña, Ana Isabel
5	Ces Comojo, Noela
6	Rodríguez Blanco, Olalla

CVD: AQqh6bCVhjD8kEvNesN0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

7	Queiruga Figueiro, Isabel
8	Marque Seoane, Saleta
9	Fernández Rozados, Verónica
10	Quintas Vila, Marta
11	Filgueira Pazos, María de las Mercedes
12	Ruso Somoza, Patricia
13	Campaña Batalla, María Celeste
14	Varela Ares, Noa

SEXTO.- Publicar as cualificacións finais das persoas aspirantes no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Sendo as 15:00 h dáse por remato o acto, estendéndose a presente acta que é asinada pola secretaria e presidenta do tribunal.

María Lourdes Diéguez Rarís
Sandra María García Chenlo

CVD: AQqh6bCVhjD8kEvNesN0 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/